


A COMPOSICIÓN MUSICAL FEMENINA NO ROMANTICISMO



CANTAR DELAS

<http://www.cantardelas.com>

O ROMANTICISMO. Compositoras do s. XIX

As compositoras deste período escriben maravillosos concertos, sinfonías, misas, óperas, obras de cámara, cancións. Moitas das cancións da época son *lieder* que poñen música a poemas de escritoras e escritores románticos do momento ou ós seus propios.

Algunhas mulleres compositoras deste século tiveron que valerse de nomes masculinos para publicar a súa obra, outras mantiveron actividade ligada ós salóns musicais aínda que “a música dos salóns” era considerada un xénero menor fronte á verdadeira profesionalidade.

Todas elas teñen en común que tras a súa morte foron invisibilizadas como artistas, a súa música non se reeditou ou non se interpretou. Impúxose o silencio durante décadas ata ben avanzado o s. XX.

BETTINA BRENTANO VON ARNIM (1785-1859)



Compositora, escritora, cantante e editora alemá.

MARÍA SZYMANOWSKA (Varsovia 1789 - San Petersburgo 1831)



Pianista excepcional, profesora e compositora. Comeza a súa carreira internacional como concertista ós vinteún anos, compaxinando

composición e ensino. Foi nomeada “primeira pianista da Corte Imperial Rusa”.

Autora de 113 obras: danzas, fantasías, mazurcas, valeses, baladas, música vocal e de cámara.

Szymanowska está considerada a inmediata predecesora de Chopin en canto á estilización de danzas polacas e o emprego dos nocturnos musicais.

<https://youtu.be/hk1xutPvK4Q?list=PLI6Z1YgmnrKVTXRhw9-a88-hxSHKBDfkJ>

ISABEL COLBRÁN (1785-1845)



Cantante e compositora española. Nacida en Madrid, foi a mellor mezzosoprano e soprano dramática do seu tempo ademais de escribir catro volumes de cancións antes de coñecer a Rossini co que estivo casada.

<https://youtu.be/gdno4P7HekQ?list=PLI6Z1YgmnrKWbb3wW2Mgft8VICmB-dupw>

LOUISE FARRENC (París 1804 - 1875)



Compositora, pianista, profesora, editora e erudita musical.

<https://youtu.be/3cGKxIR1RII?list=PLI6Z1YgmnrKVldiu1QK8zGqbGGVzq0hK4>

FANNY MENDELSSOHN HENSEL (Hamburgo 1805- Berlín 1847)



“Estou soa coa miña música. O pracer que me aporta impídeme abandonar, e como non teño apoio externo, constrúo a miña persistencia como proba do meu talento”.

Carta do 15 de xuño de 1836 a Karl Klingemann.

“A música será quizá a profesión de Félix, pero para ti só pode ou debe ser un ornamento. Non pode nin debe ser o fundamento da túa existencia”.

Abraham Mendelssohn, 1820

Compositora, pianista e directora alemá. Compuxo máis de 450 obras, entre elas 250 cancións, algunhas publicadas baixo o nome do seu irmán, Félix Mendelssohn.

Na actualidade descoñécese gran parte da súa extensa produción por permanecer os manuscritos en arquivos privados. Desenvolve a súa carreira no ámbito dos salóns musicais nos que destaca o “Sonntagsmusiken” da familia Mendelssohn

Tras a publicación póstuma dalgunhas obras en 1850, a meirande parte do seu catálogo comezará a ver a luz a partir de 1987.

Playlist para orquestra:

<https://youtu.be/SX1-wNcrzsk?list=PLI6Z1YgmnrKVIApoX5e6-SE7jXMMotOfW>

[6Z1YgmnrKWTaWKE_5d9e0TujyhFyQFxst=PLI6Z1Yg0TujyhFyQFx](https://youtu.be/6Z1YgmnrKWTaWKE_5d9e0TujyhFyQFxst=PLI6Z1Yg0TujyhFyQFx)

Playlist para LiedePlar:

https://youtu.be/xAR_XTOJRSs?list=PLI6Z1YgmnrKWhqZAxBWLVIH4Q3SslB5s1

Playlist para piano

<https://youtu.be/hzg6VWthDGo?list=PLI6Z1YgmnrKUHBYP9gV3Jz8EpzwD2RSFd>

Playlist música de cámara:

<https://youtu.be/iq1bMukLTCw?list=PLI6Z1YgmnrKUxQifNiVDHySwOelQaikl9>

Playlist para coro e para coro e orquestra

https://youtu.be/pYVK_ovJp1E?list=PLI6Z1YgmnrKU419ti77_mGrR5TwS-l3lc

MARÍA MALIBRÁN (París 1808 - Manchester 1836)



Nacida en París de pai e nai españois que fuxían da ocupación napoleónica. A súa extraordinaria voz, a súa beleza e o seu carácter apaixonado convertérona nunha lenda. Ó seu funeral asistiron unhas 50.000 persoas.

<https://youtu.be/azrXuzjo2H8?list=PLI6Z1YgmnrKWi1Osg8KfSN7L2NtYsdi>

LÉOPOLDINE BLAHETKA 1809-1885



Compositora, pianista e profesora austríaca.

<https://youtu.be/8kuJFSnfJQE?list=PLI6Z1YgmnrKXfcg4ouPfmsJ75iFBqXIZ5>

JOHANNA KINKEL (1810-1858)



Compositora, pianista, directora, profesora e escritora alemá.

https://youtu.be/B_mqwVC1mDQ?list=PLI6Z1YgmnrKWfKfWzTWL5ibKqOrgLq5T

JOSEPHINE LANG (1815-1880)



Compositora, cantante, pianista e profesora alemá. Publicou fundamentalmente Lieder poñendo música a textos de poetas coetáneos. A elección dos textos ía retratando a súa propia biografía: “Os meus Lieder son o meu diario persoal”.

<https://youtu.be/PGCab0vIOkw?list=PLI6Z1YgmnrKVToHhAkVQUvNuF2ii4rKz7>

CLARA WIECK SCHUMANN (Leipzig 1819- Fráncfurt 1896)



“ A práctica artística é unha gran parte do meu propio ser. Para min, é o verdadeiro aire que respiro”.

Clara Schumann

Houbo un tempo no que eu cría ter talento creativo pero rexeitei esa idea; unha muller non debe ter o desexo de compoñer: se ningunha puido facelo, por que ía poder eu?

Clara Schumann

Clara foi unha extraordinaria pianista, compositora e intérprete alemá das máis valoradas pola tradición musical, pero de ningún xeito á altura do que lle correspondería, segundo a crítica actual. Porque naquel tempo as mulleres con talento considerábanse “ánxos dotados” non profesionais. Compuxo pezas para piano só, un concerto para piano, música de cámara, pezas corais e cancións.

Como intérprete consérvanse máis de 1.300 programas dos seus concertos por toda Europa. Foi das primeiras en actuar de memoria e salientar os compositores nos seus recitais e non o virtuosismo do concertista.

Casou os 21 anos co compositor Robert Schumann co que tivo oito fillos. Editou xunto con Brahms os traballos de Robert Schumann despois da súa morte.

Foi unha influente educadora de piano no Konservatorio de Frankfurt

Playlist música escrita para orquestra:

<https://youtu.be/WsPEMVP13AI?list=PLI6Z1YgmnrKVQa2GDFfvxNneJb2hEmMFF>

Playlist música escrita para piano só:

<https://youtu.be/6CS5ESHA4S4?list=PLI6Z1YgmnrKWqRM4xeIBtbQnNe6EZNI-C>

Playlist música escrita para Lied:

<https://youtu.be/gVhnRkHG2DU?list=PLI6Z1YgmnrKVV3DHF77z77QZsPFVWc9pt>

Playlist música escrita para coro:

<https://youtu.be/fCeprtH2084?list=PLI6Z1YgmnrKXaGSywUu1w8SlwZzeClN6D>

PAULINA GARCÍA-VIARDOT (París 1821-1910)



Compositora e cantante nacida en París, de pai sevillano e nai madrileña que fuxiron de España tras a ocupación napoleónica.

Clara Schumann dixo dela que era a muller máis brillante que coñecera. A personaxe principal da novela de Georges Sand *Consuelo* está inspirado en Paulina García -Viardot.

Con 83 anos estrea no seu salón a ópera cómica *Celindron* con libreto e música propias.

https://youtu.be/q_ON3cfkPOY?list=PLI6Z1YgmnrKUVB_xciyvJB2kX1831zkxm

EMILIE MAYER (1821-1883)



Compositora e escultora alemá moi prolífica que escribiu 8 grandes sinfonías, 15 oberturas de concertos ademais de numerosas sonatas, música de cámara e lieder.

https://youtu.be/dKh75I7JFZA?list=PLI6Z1YgmnrKVRS_ZJj0EwxQDShMTrNxjm

PAULINA CABRERO Y MARTÍNEZ (1822-1893)



Compositora e cantante madrileña. Con 21 anos publica a colección *Ecos de Alegría* a partir de textos do poeta Gregorio Romero Larrañaga.

Unha das súas últimas obras é a gran jota aragonesa *Agustina de Aragón* de 1893.

<https://youtu.be/n9IcGqhLqbU?list=PLI6Z1YgmnrKXTXbUH4y6Mob54F6qL4B-H>

MARIE CLÉMENCE DE GRANDVAL (1828-1907)



Compositora francesa do Romanticismo tardío. Escribiu varias óperas, cantatas, oratorios e obras de cámara. Recibiu unha boa educación que inclúe clases con Frédéric Chopin e Camille Saint Saëns. Foi unha compositora eloxiada e admirada pola crítica ata a súa morte en París en 1907.

<https://open.spotify.com/search/clemence%20de%20grandval>

LAURA NETZEL (1839-1927)



Compositora, directora de orquestra, pianista e activista social finlandesa criada en Estocolmo. Impulsou unha fundación para mulleres sen fogar e a organización *Samariten*. Tamén promoveu as veladas para amantes da música das clases traballadoras.

https://youtu.be/qToIMj79n9w?list=PLI6Z1YgmnrKV8YBPIF2XfjL8jo4_TC89F

INGEBORG VON BRONSART (1840-1913)



Compositora e pianista nacida en San Petersburgo, de pais finlandeses que triunfará como compositora en Alemaña.

Compón 4 óperas, música de cámara, 67 lieder e 12 cancións de cuna.

<https://youtu.be/5TGcAXcnZsc?list=PLI6Z1YgmnrKVULBP9V0d8t99BCn3XSolg>

ELFRIDA ANDRÉE (1841-1929)



Directora, compositora e organista sueca, defensora dos dereitos da muller. Pertenceu á Real Academia Sueca da Música.

Durante un tempo non puido tocar o órgano na igrexa porque o clero consideraba indecoroso e perturbador ver unha muller sentada nun taburete. Xunto co seu pai conseguiu que cambiase a lei e que as mulleres puidesen ser organistas de forma fixa. Sufriu o boicot dunha orquestra de músicos

homes que se sentiron ofendidos por ter que interpretar a obra dunha muller compositora. Entre outras moitas compón obras específicas para coro de mulleres: 9 obras para coro feminino a capella, outras 4 obras para coro feminino e instrumentos, 1 máis para coro feminino e orquestra e 3 obras para coro feminino, solista e orquestra.

<https://youtu.be/tPOmVSWmYTI?list=PLI6Z1YgmnrKUc6qu1ohm54p4gdCnW2s>

MARIE JAËLL (1846-1925).



Compositora, pianista e pedagoga musical francesa.

Tras sufrir tendinite crea un método de piano que se segue a utilizar na actualidade.

Afirma: “a enerxía do movemento está relacionada coa intensidade da representación mental dese mesmo movemento”.

<https://youtu.be/eHiYcwYLi9Q?list=PLI6Z1YgmnrKVf1gbMcuou2h-pfkiWu2qj>

AUGUSTA HOLMÈS (París 1847-1903)



Compositora, directora e pianista francesa de orixe irlandesa. Coñecida polas súas composicións de carácter político e polos seus poemas sinfónicos

Irlande e Pologne. Escribiu a *Ode Triomphale* para celebrar o centenario da Revolución Francesa na Exposición Universal. Esta monumental oda precisa da participación de 1.200 músicos. Compón varias óperas, música sinfónica, música de cámara, instrumental, sacra e vocal. A letra da maioría das súas cancións, oratorios e da súa ópera *A Montagne Noire* son da súa autoría.

https://youtu.be/1bYwfDaJFRA?list=PLI6Z1YgmnrKWEk_CQ3QZi2xy6FOw_mV1MM

CHIQUINHA GONZAGA (1847-1935)



Compositora, directora de orquestra e activista brasileira que loitou pola abolición da escravitude e a proclamación da república do Brasil. Compuxo a música para 77 obras teatrais, autora de 2.000 partituras entres valeses, polcas, tangos, maxixes, fados, quadrilles, mazurcas, choros e serenatas. Foi a primeira muller en escribir unha marcha para *carnaval* e a primeira que dirixiu unha orquestra no Brasil.

https://youtu.be/gu7BDf7oiC8?list=PLI6Z1YgmnrKWMJZSd9iOIsR3vlliwn_4P

SOLEDAD BENGOCHEA (1849-1893)



Compositora e directora madrileña que escribiu e estreou zarzuelas, oberturas e motetes. Con 18 anos o seu *Scherzo para piano* recibe a Medalla de Prata na Exposición Universal de París. Tamén con 18 anos escribe a Misa a catro voces e orquestra que dirixe en Madrid.

<https://youtu.be/B5deHfmAXFI?list=PLI6Z1YgmnrKXGJpd8VbllL1k1KmzEFnGy>

LOUISE LE BEAU (1850-1927)



Compositora, pianista, educadora e crítica musical alemá. Tamén destaca pola súa investigación musicolóxica. Foi a primeira compositora que recuperou compositoras anteriores. No seu traballo rescatou do olvido ata unha ducia de compositoras dos séculos XVIII e XIX

<https://youtu.be/sOKCoZ8zO8?list=PLI6Z1YgmnrKV5U6Vvq3WQuoYhH0BZv7O6>

EUGENIA OSTERBERGER (1852-1931)



Pianista e compositora galega. Filla de nai coruñesa e pai alsaciano. Estuda en París e de volta a A Coruña intégrase na sociedade El Flok-Lore presidida por Emilia Pardo Bazán coa que se relaciona. Forma parte activa de iniciativas progresistas como as Colonias Escolares. Tamén ten relación coa escritora e xornalista Sofía Casanova e a escritora Filomena Dato da que se pode escoitar na playlist o seu poema *Neve*.

<https://youtu.be/VZldHMeHpzc?list=PLI6Z1YgmnrKXBeyhNPSVw2HY64IMzmB5>

ETHEL SMYTH (1858-1944)



Nacida en Londres e formada en Leizig. Os seus traballos inclúen sinfonías, música coral, misas, música de cámara e óperas. Destacan sobre todo as óperas, a máis famosa *The Wreckers* e a máis orixinal, *Fête Galante*. Foi a primeira muller en conseguir que a súa ópera *The Wald* fose representada na Metropolitan Opera House de New York.

Uníuse á Unión Social e Política de Mulleres (WSPU), organización en defensa do voto feminino. Compuxo *The march of women* que se converteu no himno do movemento sufragista. O seu activismo levouna ó cárcere en distintas ocasións.

https://youtu.be/qTYv4wT8g4E?list=PLI6Z1YgmnrKVNlp5Enk9qUf331UnX_LRt

CÉCILE CHAMINADE (París 1857-Montecarlo 1944)



“Non creo que as poucas mulleres que lograron grandeza nun traballo creativo sexan unha excepción. Só unhas poucas, grazas a súa forza, foron capaces de superar as dificultades.”

Compositora e pianista francesa. Comeza a compoñer aos oito anos, presentando a súa obra a Bizet, quen a denominará “o meu pequeno Mozart”. Concertista de piano desde os dezoito anos, é autora dun

repertorio que inclúe arredor de 200 pezas para o devandito instrumento. As súas máis de 125 *mélodies* foron as composicións que lle outorgaron notoriedade, e mostra diso foron o numerosos “Club Chaminade” que apareceron por Europa e América, sendo especialmente popular nos Estados Unidos. Este éxito levouna a publicar ó longo da súa vida máis de trescentas cincuenta obras, feito insólito só ó alcance de personalidades artísticas moi destacadas.

<https://youtu.be/rAQucTU5Y?list=PLI6Z1YgmnrKUnmOSIKFai7uv7T1kYEHGW>

MEL BONIS (París 1858-Sarcelles 1937)



Escrebiu para orquestra, música de cámara, pezas de piano para dúas e catro mans, para dous pianos, para unha ou dúas voces e piano, para coro a capella e para coro con acompañamento de órgano ou harpa. Un total dunhas 300 pezas. As súas crenzas relixiosas, as convencións sociais e morais e a imposición dos seus pais de casar cun home que non era o que ela amaba fixeron que Mel vivise unha vida atormentada que a levou a terminar os seus días nunha profunda depresión.

<https://youtu.be/548jjHuOtA8?list=PLI6Z1YgmnrKUrjI5JR2xIVQjisUmbKsj>

TERESA CARREÑO (Caracas 1854 - New York 1917)



Compositora, pianista, directora de orquestra, cantante, empresaria artística e profesora venezolana.

Compón vales, fantasías, caprichos, estudos e baladas. O seu catálogo abarca 40 obras, algunhas delas derivaron en melodías populares como *La Teresita*, vals dedicado a unha das súas fillas.

Compuxo obras de inspiración nacional como o *Himno a Bolívar* para tenor, coro mixto e orquestra co que obtivo gran fama no seu país.

Na actualidade a súa figura converteuse nunha icona da música clásica popular latinoamericana.

A súa obra, a pesar de ser breve, é unha mostra do seu talento creador.

<https://youtu.be/MvmVgr8E5c?list=PLI6Z1YgmnrKWwjE5N3k6s2v3KKaszjsQ>

Bibliografía

<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/CreatorasMusica>

<https://musicaescritapormujeres.wordpress.com/category/compositoras/>

<https://www.oxfordmusiconline.com/page/women-composers-by-time-period>

<https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada>